



CDR ANCARES, PROGRAMAS

6. MULLER-IGUALDADE

PROBLEMÁTICA

Cervantes ten unha poboación de 1.210 habitantes (504 son mulleres e 706 homes). Entre 15 e 65 anos hai 614 persoas (56 homes e 258 mulleres) . A perspectiva de xénero será transversal en todas as nosas actividades.

As mulleres temos unha dobre marxinación, a da montaña e a da muller: machismo, soidade, falla de espazos e tempos para comunicarnos e xuntarnos, traballo na casa e fóra, dificultades para acceder a recursos (sobre todo relacionados coa saúde) propios das mulleres, falta de formación profesional adecuada, fenda dixital...

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: a eliminación de calquera tipo de violencia contra as mulleres e a construción dunha comunidade rural igualitaria.

OBXECTIVOS OPERATIVOS E INDICADORES DE AVALIACIÓN

Obxectivo	Indicador
Facilitar información, orientación laboral e formación para favorecer a promoción da igualdade entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.	<ul style="list-style-type: none">• N° de mulleres informadas ou orientadas.• N° e tipo de accións de información ou orientación.
Promocionar a saúde integral das mulleres(corporal, mental, emocional) e a reflexión acerca da sexualidade e a diversidade de xénero.	<ul style="list-style-type: none">• N° de mulleres atendidas e acompañadas. Grado de satisfacción.
Promover o <i>empoderamento</i> das mulleres e o desenvolvemento das diferentes habilidades sociais a prol dunha mellora da calidade de vida da persoa a nivel social, laboral e persoal.	<ul style="list-style-type: none">• Número de persoas participantes nos• Talleres sobre intelixencia emocional e habilidades sociais.• % de mulleres que recoñecen a mellora nas capacidades de autoestima.



Ofrecer atención e apoio psicolóxico a mulleres vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade e/ou en coordinación co CIM e servizos sociais da comarca.	<ul style="list-style-type: none">• N° de mulleres que reciben apoio psicolóxico.• N° de accións de apoio.
Sensibilizar á poboación e ó persoal das entidades a favor da igualdade e contra a violencia de xénero e visibilizar as mulleres.	<ul style="list-style-type: none">• Número de persoas as que chegan as• medidas enfocadas a concienciación en materia de xénero e violencia de xénero.• Número de publicacións e campañas contra a violencia de xénero e a prol da igualdade.• Número de accións de formación dirixidas ao persoal das entidades en materia desigualdade.
Ofrecer o servizo de conciliación a mulleres vítimas de violencia de xénero ou en vulnerabilidade e fomentar a parentalidade positiva.	<ul style="list-style-type: none">• Número de mulleres atendidas que fan uso do servizo de conciliación.• Número de participantes asistidas a través de medidas centradas na la formación en materia de maternidade e paternidade positiva.

ACTIVIDADES

- Información, formación, orientación, e asesoramento social e laboral, itinerarios de inserción e busca de emprego.
- Atención personalizada por parte dalgunha técnica do equipo e acompañamento, se procede a toda muller que verbalice problemas físico, sexual ou emocional.
- Obradoiros de *empoderamento*, habilidades sociais e fomento da incorporación de mulleres á actividade asociativa.
- Atención e apoio psicolóxico a mulleres vítimas de violencia de xénero, en situación de vulnerabilidade e /ou illamento con atención individualizada e soporte telefónico as 24 horas en coordinación co CIM e servizos sociais da comarca, acompañamentos e visitas.



c.d.r. **ancares**

Centro para o Desenvolvemento Rural "ANCARES"

- Sensibilización en igualdade e contra a violencia de xénero e visibilización das mulleres: obradoiros, campañas específicas, xornadas (8-M, 15-O, 25-N) elaboración de material informativo/prevención e formación interna.
- Servizo de conciliación e obradoiros de *parentalidade* positiva.
- Visitas persoalmente a todas as mulleres que se atopen en situación de certo illamento social e soidade non desexada ou que presenten algún indicador de *marxinalidade*.